

O proceso de Concentración do Monte de Trabada culminou coa entrega dos títulos de propiedade. Ó acto, celebrado o 6 de abril, acudiron (na foto de esquerda a dereita):

- Daniel Villapol, presidente da concentración e a SAT.
- Raquel Arias, Delegada Territorial de Lugo da Xunta de Galicia.
- José Manuel Yanes, alcalde do Concello de Trabada.
- Antonio Crespo, Director Xeral de Medio Rural.
- Ramón Carballo, Xefe Territorial de Medio Rural de Lugo.

Referente a nivel autonómico e incluso nacional, afectou a 327 beneficiarios e tivo un coste de 3 millóns de euros.

Supón unha superficie de 1.157 hectáreas e converteu 7.338 fincas en 513, supoñendo para cada propietario unha media de 1,5 parcelas fronte ás 22,4 iniciais.

Os propietarios (ou representantes) que non acudiran a recolle-los seus títulos poden facelo nas vindeiras semanas no concello.